# 30/1 DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ

PROPOSTA: FACER 1000 GROUS (GRULLAS) DE PAPEL

**POR?**

A HISTORIA DE SADAKO E OS MIL GROUS Segundo unha lenda xaponesa, o teu maior desexo farase realidade se constrúes mil grous de papel. A consigna de crear grous de papel na loita pola paz, remóntase á historia dunha das pequenas vítimas da bomba de Hiroshima durante a Segunda Guerra Mundial. Sadako Sasaki tiña dous anos cando caeu a bomba en Hiroshima, cidade na que vivía.

Dez anos máis tarde (cando tiña 12 anos), como consecuencia da irradiación que lle produciu a bomba de Hiroshima, os médicos diagnosticáronlle leucemia. Cando a pequena Sadako estaba no hospital recuperándose da súa enfermidade, a súa amiga Chizucho contoulle a historia dos 1.000 grous de papel. Esta historia consiste en que se desexas algo con moita forza e constrúes 1.000 grous de papel (papiroflexia), os deuses concederanche ese desexo que tanto anhelas.

É así como Sadako desexou curarse da súa terrible enfermidade e para iso propúxose facer por si mesma 1.000 grous de papel, aínda que non foi quen de conseguilo porque faleceu moito antes de poder rematalos todos. Morreu en outubro de 1955 e só conseguira pregar 644 grous de papel. Simbolicamente, os seus amigos continuaron a súa misión e completaron o milleiro de grous, coa esperanza de que se evitaran as guerras no futuro, e se conseguira a paz entre todos os países do mundo. Tres anos despois da morte de Sadako, os nenos e nenas de toda a cidade de Hiroshima dedicáronlle unha estatua a ela cun grou na man. A estatua está no Parque da Paz de Hiroshima.

Cada ano, o 6 de agosto, **Día da Paz en Xapón**, chegan milleiros de grous de papel a Hiroshima desde todos os lugares do planeta. Os nenos da cidade colgan os grous no monumento de Sadako, coa esperanza de transmitir esta mensaxe a todo o mundo.

**ORGANIZACIÓN NO CENTRO EDUCATIVO**

O profesorado que queira colaborar poderá el/ela e o seu alumnado facer grous de papel (papiroflexia), para o que vos enviamos as instrucións en formato papel ou tamén podedes visualizar algún vídeo titorial en youtube.

https://www.youtube.com/watch?v=ZQu6E9yIf2E
https://www.youtube.com/watch?v=qUJhP1JRa4E

Confirmade, por favor, a través de vicedirección quen vai colaborar e o número de grous que cre que será capaz de facer.

O ideal sería rematar a semana vindeira, ata o xoves 25. O venres 26 e luns 29 serán colocadas por diferentes lugares do IES para telas expostas o martes 30.
Para elaboralas usaremos papel que se vaia reciclar ou papeis de cores. Os tedes a vosa disposición na sala do profesorado. Temos unhas caixas na sala para que vaiades depositando as que teñades feitas.
Moitas grazas.

# Cómo hacer una grulla de papel